

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Valga para a execución da obra "M.22007 – Mellora nos bombeos da Devesa, do Forno e de Carracido e na estación depuradora de augas residuais de Valga (Pontevedra)"

1 Antecedentes

Na actualidade a rede de saneamento do Concello de Valga non conta con infraestruturas adecuadas que garantan a consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados, xa que non teñen capacidade para evitar o arrastre de sólidos ao medio en determinados puntos.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan ao Concello acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións "M.22007- Mellora nos bombeos da Devesa, do Forno e de Carracido e na estación depuradora de augas residuais de Valga (Pontevedra)".

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A rede de saneamento de Valga presenta deficiencias en determinados puntos nos que en caso de alivio os sistemas de contención de sólidos non teñen capacidade para evitar o arrastre de sólidos ao medio, o que provoca indesexables vertidos ao medio provocando a contaminación de regatos e ríos nunha zona especialmente sensible, xa que estes cursos fluviais desembocan nos humedais del LIC Sistema fluvial Ulla-Deza, pertencente a Rede Natura 2020.



Polo exposto, o concello solicitou auxilio económico a Augas de Galicia para executar actuacións obxecto do convenio, co fin de minimizar os citados vertidos de alivios ao medio.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento ten por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.



Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector publico, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

4 Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a corenta e oito mil douscentos setenta e nove euros (48.279,00 €) que serán financiados por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2022.

5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: 2. Galicia verde e sostible
2. Prioridade actuación: PA 2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.
3. Obxectivo estratéxico: OE 2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración,



mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga.
Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga

4. Obxectivo operativo: OO02-Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.

5. Indicadores: P00440/Grao de execución (%)

6. Unidades de medición: grao de execución estimado no exercicio corrente.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)

